

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 33

ano 5

marzo-abril 2011

Os arquivos municipais (II) na Idade Media LIBROS DE ACORDOS BAIXOMEDIEVAIS



En 1433, Álvaro Afonso, notario do Concello de Ourense, escribía ao inicio do documento que ilustra este número de *Fronda*: “este he o **libro das notas** do concello da cidade d’Ourense”. Durante a Idade Moderna foi encadernado xunto con outros libros do mesmo tipo, rebautizados na nova portada como **libros de acordos**. Velaí que estes libros de notas, conservados nese concello dende o ano **1432**, podan considerarse o xermolo dunha serie documental que recibiu aquel nome durante a Idade Moderna e que na actualidade se coñecen como **libros de actas municipais**. A pesar do escaso parecido destes últimos cos libros de notas baixomedievais, uns e outros foron redactados coa mesma finalidade: deixar constancia escrita dos acordos adoptados pola corporación.

Este tipo documental tamén apareceu durante a Baixa Idade Media no resto da Península Ibérica, cando os notarios ou **escribáns** dos municipios comezaron a elaborar rexistros nos que poñían por escrito as resolucións adoptadas polo concello: ordenanzas para o goberno da cidade, nomeamento de cargos concellís, licenzas de obras, cuestións fiscais ...

Asemade, nestes libros rexistrábanse as **escrituras** dos actos ou negocios xurídicos nos que participaban os órganos municipais (poderes para ser representados, cartas de pagamento, avinzas, compravendas, foros, etc.), así como os documentos relacionados cos asuntos tratados nas sesións do concello, particularmente as comunicacións e ordes remitidas polo rei e outras autoridades.

Á parte da riqueza informativa que teñen de por si estes libros de notas, o seu valor vese acrecentado polo feito de iniciar unha serie que cobre de xeito case ininterrompido trinta anos (1432-1460) do século XV, un caso infrecuente que contribúe a que o fondo do Concello de Ourense sexa un dos arquivos municipais máis interesantes de Galicia, e mesmo da Península Ibérica, para o estudo do mundo urbano na baixa Idade Media.

1433. Ourense

Libro de notas do Concello de Ourense do ano 1433.

Inserido en: “Libro de acuerdos de los años de 1432 asta 37”


Orixinal; papel; escritura gótica cortesá; galego; 180 x 245 mm.

AHPOu. Concello de Ourense, Libro 1, fols. 30 v. - 62 v.

Os concellos na Idade Media

As vilas e cidades medievais -en contraposición ao mundo rural- configurábanse como núcleos de poboamento máis concentrado e con maior diversidade económica, xa que, ademais das actividades agropecuarias, tiñan especial importancia as de tipo artesanal e comercial. Neste **ámbito urbano** foi no que xurdiron durante o século XII as institucións municipais.

Estas poboacións dotadas de concello eran entidades político-administrativas **autónomas e xuridicamente privilexiadas**, é dicir, cun dereito propio e exclusivo, distinto das normas do territorio que as circundaba. Dende o século XII, este dereito plasmouse en **cartas forais** nas que os monarcas ou os señores xurisdiccionais (nobres, bispos ...) encomendaban ao concello (*concilium*) a administración da vila ou cidade, dereito que foi ampliándose posteriormente a través de sucesivas concesións reais ou señoriais.



Repartimento de tributos no couto de Seixalbo do ano 1437 no libro de notas de 1439. AHPou, *Concello de Ourense*, L. 2, fol. 79 v.

Inicialmente, todos os veciños participaron no goberno municipal en réxime de **concello aberto**, pero, dende mediados do século XIII, algúns notables monopolizaron o poder. Estes *homes bos* (así eran chamados) constituíron unha **oligarquía** que acabou enfrontándose aos titulares do señorío urbano -o bispo, no caso da cidade de Ourense- para defender a autonomía do concello. Deste xeito tamén conseguiron reforzar o seu poder oligárquico ao tempo que expulsaban do goberno local ao resto da comunidade veciñal.

No século XIV, **Afonso XI** promoveu unha reforma municipal que satisfacía esas ansias autonomistas das oligarquías urbanas e que tamén lle outorgaba á monarquía un maior control sobre os concellos. Así, esa reforma implantou o **rexemento** como órgano de goberno concellil, o que suporá a substitución *de iure* do sistema de concello aberto polo de **concello pechado**, é dicir, no que só participan algúns veciños (rexedores) en representación da comunidade. Nesta época tamén se implanta a figura do **corrixidor** nas cidades do rei (reguengo) como representante permanente da Coroa nas institucións locais. As súas funcións eran gobernativas, xudiciais e, en ocasións, militares. En momentos de grave crise social ou política, o rei tamén podía enviar un corrixidor ás cidades de señorío para que, de forma excepcional, asumise o poder municipal e restablecese

a paz e a orde, tal como aconteceu na cidade de Ourense en distintos momentos da baixa Idade Media.

Con poucas modificacións, este foi o organigrama do goberno municipal ata principios do século XIX: un **corrixidor** ou alcalde maior que presidía o concello; dous xustizas ou **alcaldes** con funcións xudiciais; un número variable de **rexedores** vitalicios que, con funcións de goberno político e económico, compoñían o rexemento; e o **procurador xeral**, que rematará converténdose en representante dos veciños.

Fóra desta estrutura orgánica poden aparecer, coa denominación de **homes bos**, un grupo de cidadáns con papel arbitral e consultivo. Asemade, os concellos contaban con persoal ou **oficiais** propios para a xestión municipal, entre os que estaban o escribán, o pregoeiro, o carcereiro, o alguacil, o verdugo, etc.

A documentación municipal do medievo

Os arquivos municipais son tan antigos como os concellos, aínda que a documentación primeira raramente se conserve. Durante a Idade Media, a produción documental era moito menor da que se vai xerar en épocas posteriores xa que só se redactaban os documentos estritamente necesarios e se eliminaban os que perdían o seu valor xurídico. A pesar de que só se gardaban na **arca de tres chaves** os máis importantes, aqueles que acreditaban bens e dereitos (cartas forais e privilexios de concesión real ou señorial ...), consérvanse suficientes pergameos e papeis para achegarse aos máis variados aspectos da vida urbana medieval.

A través deles é posible aproximarse aos distintos **grupos sociais** que habitaban as vilas e cidades, xa sexa atendendo ao seu rango estamental, á súa ocupación profesional ou ao seu culto relixioso, como no caso dos xudeus. Tamén poden pescudarse as **actividades económicas** ou a evolución da **facenda** local a través dos expedientes fiscais e das táboas de prezos de produtos que establecían os concellos. Pola súa parte, os padróns de veciños informan do número de poboadores e polo tanto son unha fonte moi valiosa para para a **demografía** histórica do medievo.

No **ámbito político-administrativo**, estes arquivos son indispensables para o estudo das **institucións municipais**, as estratexias políticas dos seus membros, a forma de gobernar a localidade e a administración de xustiza en primeira instancia. Fornecen información sobre as relacións do concello cos demais poderes (o rei, a nobreza, e as institucións eclesiásticas), e sobre os **conflitos** nos que se viu envolvido, xa fose apoiando á Coroa en guerras contra outros reinos ou en confrontacións coas instancias de poder mencionadas, como as que se viviron na cidade de Ourense durante os convulsos séculos XIV e XV.